

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## Nacemos e medramos


Coma todos os seres vivos, as persoas nacemos e medramos, e imos cambiando ao longo de toda a nosa vida. Co paso do tempo, o noso corpo medra e cambia.

Cando somos nenos, medramos moi rápido. A nosa altura e o noso peso aumentan moi axiña.

A partir dos quince anos medramos máis amodo. Ademais, a partir desa idade, os corpos dos nenos e os das nenas diferéncianse cada vez máis.

Cando nos convertemos en persoas adultas, o noso corpo deixa de medrar.

Co paso do tempo aumentamos os nosos coñecementos. E é que, ao longo da nosa vida, imos aprendendo cousas novas.



### 1 Contesta.

- En que época da nosa vida medramos máis rápido?

- En que momento comezamos a medrar máis amodo?

- Cando deixamos de medrar?